



As Xornadas de Xestión Cinexética e Medio Ambiente de Portas chegan á sua quinta edición con éxito de convocatoria

O pasado sábado día 7 de xuño, celebrábanse na localidade pontevedresa de Portas as V Xornadas de Xestión Cinexética e Medio Ambiente, organizadas pola Sociedade de Caza de Portas en colaboración coa Federación Galega de Caza e a Consellería de Medio Ambiente. Unha cita que cada edición gaña en prestixio e convocatoria, converténdose nun referente destacado.

Máis de 150 persoas interesadas na xestión cinexética e no medio ambiente, tanto cazadores como xente relacionada coa caza e o medio ambiente déronse cita no Auditorio da Azucareira de Portas para participar nas xornadas, que cada vez estenden máis o seu espectro de convocatoria, alcanzando nesta edición o veciño Portugal e outras comunidades autónomas.



Ademais das ponencias de tres expertos na materia, as xornadas contaban no seu programa co acto de presentación do DVD "Bases para un plan de recuperación das poboacións de coello de monte e perdiz rubia en Galicia" que presentaba a Federación Galega de Caza como complemento audiovisual e documental ao texto xa presentado anteriormente baixo o mesmo título. A exposición do DVD, que foi repartido gratuitamente entre tódolos asistentes, contou cunha grande aceptación e foi sen dúbida un dos momentos destacados das xornadas.

Tras a presentación do DVD aínda houbo tempo para una última ponencia e a habitual mesa redonda de debate, que de non ser pola falta de tempo e o retraso acumulado polas xornadas podería prolongarse ao longo de toda a tarde dado o carácter participativo dos asistentes, que plantexaban innumerables cuestións aos técnicos e expertos presentes.

Inauguraban as xornadas o Alcalde de Portas, Don Roberto Vázquez Souto, o Presidente de ADR Ulla-Umia, Don José Amador Eiras Paz e o Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Don Juan Francisco Froján Fontán, e clausurábanas o Presidente da Federación Galega de Caza, Don José María Gómez Cortón e o Delegado Provincial da Consellería de Medio Rural, Don Gonzalo Constenla.



Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com